

CERTIFICACIÓN

Rogelio Pardo Martínez, secretario accidental do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 11 de xullo de 2024, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

PUNTO SEXTO. CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN PREVIA A ADXUDICACIÓN DO SUBMINISTRO DE MÓDULOS FOTOVOLTAICOS A INSTALAR POLO OBRADOIRO DE EMPREGO RENOVA AMES BRION VI. EXPEDIENTE GD 635/2024

A Xunta de Goberno Local do 16.05.2024 aprobou o expediente de licitación, mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria, do contrato de subministro de módulos fotovoltaicos a instalar nas piscinas municipais de Bertamiráns e Milladoiro e EDAR de Sisalde, polo obradoiro de emprego Renova Ames Brión VI.

Tramitado o expediente de licitación, a Mesa de Contratación na súa reunión do 04.07.2024, formulou proposta de clasificación por orden decrecente de puntuación das empresas admitidas a licitación, de acordo todo elo co previsto no artigo 83 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos do Sector Público.

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación de Alcaldía (decreto 1983/2023, BOP 120 do 26.06.2024), adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Excluir do procedemento de licitación do Subministro de módulos fotovoltaicos a instalar no taller de emprego RENOVA AMES BRION VI ás seguintes empresas:

Empresa	CIF
MONTAXES ELÉCTRICAS NOROESTE SL	O modelo de inversor aportado na oferta non cumpre os requisitos mínimos establecidos no apartado 3.1.1 c) 3i do PPT
RUBEN JOSE NOYA MALLO	O modelo de inversor aportado na oferta non cumpre os requisitos mínimos establecidos no apartado 3.1.1 c) 3i do PPT
SOLGALEO SL	O modelo de inversor aportado na oferta non cumpre os requisitos mínimos establecidos no apartado 3.1.1 c) 3i do PPT
URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE SL	O modelo de inversor aportado na oferta non cumpre os requisitos mínimos establecidos no apartado 3.1.1 a) y 3c do PPT O modelo de inversor aportado na oferta non cumpre os requisitos mínimos establecidos no apartado 3.1.1 a) 2 b y 3a do PPT Non se presenta modelo nin ficha técnica do lastre incumprindo o apartado 3.1.1 b)

Segundo. Clasificar, por orden decrecente de puntuación, ás empresas participantes na licitación declaradas admitidas no procedemento, coa seguinte orde:

Empresa	Puntuación
INTELLIGENT REAL SOLUTIONS SL	100
INERPROMA MEDIOAMBIENTE SL	62,14

Terceiro. Declarar que a empresa clasificada en primeiro lugar no contrato do Subministro de módulos fotovoltaicos a instalar no taller de emprego RENOVA AMES BRION VI é INTELLIGENT REAL SOLUTIONS SL CIF B-40657728

Cuarto. Declarar que as características esenciais da referida contratación para o clasificado en primeiro lugar, **INTELLIGENT REAL SOLUTIONS SL con CIF B-40657728**, son as que figuran na proposición formulada polo empresa e as que figuran nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e nos Pregos de Prescricións Técnicas.

1. Oferta económica

EMPRESAS	OFERTA	IVA	TOTAL
INTELLIGENT REAL SOLUTIONS SL	28.716,85 €	6.030,54 €	34.747,39 €

2. Duración do contrato

Aínda que inicialmente o prego establecía que de maneira estimativa a duración do contrato sería de CINCO (5) MESES, debido ás actuacións propias do procedemento de licitación esta duración verase reducida, iniciándose o contrato ao día seguinte da formalización do contrato en documento administrativo e rematando a todos os efectos o 23 de novembro de 2024

3. Inicio da prestación

O contrato iniciase ao día seguinte da súa formalización en documento administrativo.

4. Resto de condicións. O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Quinto. No prazo de **sete días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da notificación do presente acordo, a empresa adxudicataria deberá presentar a través da Plataforma de Contratación do Sector Público a seguinte documentación, imprescindible para proceder a adxudicación.

0º. Índice de documentos

1º. Documentos que acrediten a personalidade do empresario e o seu ámbito de actividade.

Dado que a empresa figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público está **exenta** de acreditar este punto.

2º. Documentos que acrediten, no seu caso, a representación.

Ao atoparse este aspecto inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público está **exenta** a súa acreditación

3º. Declaración xurada

Queda **exenta** da súa acreditación ao indicarse esta circunstancia na declaración responsable do Sobre A

4º Solvencia económica e financeira, e técnica ou profesional.

Deberá acreditar a súa solvencia económica e financeira e técnica e profesional tal e como se indica no

Anexo III do PCAP

5º. Cando se exerzan actividades suxeitas ao Imposto sobre Actividades Económicas:

Alta, referida ao exercicio corrente, ou último recibo, xunto cunha declaración responsable de non darse de baixa na matrícula do citado Imposto e, no seu caso, declaración responsable de atoparse exento.

6º. Constitución da garantía definitiva

Deberase constituír garantía definitiva, segundo os lotes dos que resulte adxudicatario, polos seguintes importes:

Importe adxudicación contrato	Importe Garantía definitiva (5%)
28.716,85 €	1.435,84 €

A constitución da garantía definitiva poderá facerse mediante Aval Bancario, Seguro de Caución ou en efectivo mediante transferencia bancaria efectuada ao seguinte número de conta bancaria de titularidade municipal: ES52/2080/5215/3830/4000/0054.

Si formulase garantía definitiva a través de Aval Bancario ou Seguro de Caución electrónico este deberá presentalo a través da Plataforma de Contratación del Sector Público conxuntamente co resto da documentación requirida. No suposto de que o aval bancario non fose electrónico deberá de achegar ademais o documento orixinal no Rexistro Xeral Municipal dentro do prazo dado de 7 días para presentar aa documentación.

Sexto. Notificar aos licitadores interesados no procedemento con indicación de que non procede recurso algún ao tratarse dun mero acto de trámite non cualificado.

Sétimo. Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos

Oitavo. Facultar ao alcalde do Concello de Ames, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do alcalde, en Ames, a 11.07.2024, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe

O alcalde

José Blas García Piñeiro

O secretario accidental

Rogelio Pardo Martínez